

AS AMIGAS DE AGATA

122

[Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 10.06.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Les amigues de l'Àgata (2015, 70')

Dirección: Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen

Guión: Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen

Reparto: Marta Cañas, Carla Linares, Elena Martín, Victòria Serra

Montaxe: Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen

Dirección de arte: Anna Mitjà

Son: Cristina García Hinojo, Anna Rajadell

Fotografía: Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen

Produtora: Universitat Pompeu Fabra (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP 2K

PREMIOS

Festival de Cinema d'Autor de Barcelona 2015 (Premio do público), Tarragona 2015 (Premio do Xurado Mozo), Albacete 2015 (Premio Abycine Indie).

SINOPSE

Retrato dun grupo de mozas de 20 anos realizado a través da ollada de Àgata, unha rapaza que, de maneira involuntaria, empeza a sentir un cambio na visión que ten das súas amigas de infancia Carla, Ari e Mar. Desde a súa vida en Barcelona até unha viaxe á Costa Brava, xuntas sentirán que o seu mundo se vai transformando.

«Catro novísimas directoras de Barcelona sorprenden cun conmovedor retrato dunha amizade feminina»

Juan Sardà. EL CULTURAL



AS AMIGAS DE AGATA

[Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen, 2015]

«Calquera pode sentirse como Ágata nun momento de transición»

Entrevista con Laia Alabart, Alba Cros, Marta Verheyen e Laura Rius
Por Txell Bonet

Atopámonos ante un filme sobre o despertar da xuventude, fálanos de perdas e de superación de etapas.

Marta Verheyen [MV]: Cada unha de nós viviu a historia ao seu xeito mais todas a vivimos. Se as persoas maiores van vela hana entender pois seguramente tamén pasaron estas etapas na súa xuventude.

Resulta curioso que, sendo un filme colectivo, nos fale da tiranía do grupo fronte aos individuos.

MV: Non queríamos que fose unha historia cunha visión dramática da amizade. Somos o que somos polos amigos que fomos tendo.

Unha vez consensuado o argumento dividides as secuencias á hora de dirixir? Algunha se situaba máis na cámara e outra máis cos actores, por exemplo?

Alba Cros [AC]: Non había unha xerarquía clara. Todas estabamos de acordo. Sempre falamos todo entre nós, tamén antes de rodar. Se algunha tiña unha escena moi clara na cabeza, porque a vivira, dirixíaa. Mais, en xeral, non houbo unha figura de directora. Estabamos xuntas coas actrices. O equipo era moi reducido, gravabamos con dúas cámaras ao tempo, que iamos alternando. Esta semana estiven a pensar: «Non podería dicir que parte do filme é meu».

Catro directoras e catro actrices.

Sodes vosoutras? MV: Son máis novas, elas atópanse no inicio da universidade e nós ao final. Perfilamos moito os personaxes, tamén desde a dirección de arte, mesmo o peiteado. Mais poderíamos dicir que Ágata é nós. Cando lle ensinamos o filme ás amigas, para nós elas son as amigas de Ágata mais elas tamén se identificaban con Ágata. É un personaxe aberto que calquera pode sentir propio nun momento de transición, de impás.

Que ninguén busque o que non hai logo. É unha historia de mozas de vintepoucos explicada por mozas de vintepoucos.

AC: Nós non poderíamos imaxinarnos como un home de 40 anos. Podemos explicar o que pode facer un grupo de amigas, o que facemos nós. Deste xeito, cando menos, sabemos o que tiñamos entre mans. Laura Rius [LR]: E é bonito poder explicar o que sentes nestes momentos. De aquí a uns anos sentiremos outras cousas, agora sentimos que podemos explicar isto.

Este xeito de traballar é o que tanto vos envexou Nacho Vigalondo.

AC: El coñeceunos persoalmente cando gañou o premio no Festival Abycine e díxonos: «É o típico filme que me encantaría facer mais non podo por todo o sistema». Atraíalle o xeito no que experimentabamos coa verdade e fíxonos un comentario moi favorábeis, ao igual ca Jordi Costa que apadriñou o filme.

Coido que salientar o xénero feminino das autoras vai en contra de normalizar as cousas. Se fose á inversa ninguén o preguntaría, mais case non hai ningún home en todos os títulos de crédito.

MV: Nalgunha situación queríamos que as actrices falasen e xurdían cousas máis íntimas. Con equipas grandes iso sería imposíbel de acadar e sen homes sentíanse máis cómodas.

AC: Ao final eramos como un grupo de oito amigas. Ás veces, se nunha destas escenas aparecía un rapaz non saía igual. A un cámara pedímoslle que non estivese nalgunha escena porque cando se incorporaba notábase.

Que atopastes que non buscades?

Que aprendestes? AC: Aprendemos moito en todos os procesos. Non se trataba de escribir un guión e desentendérmonos. Ao principio eu non lle atopaba o xeito mais ao final síntome recompensada por ter sido quen de facer unha cousa moi nosa. Pequena, se a comparas con todo o que se fai, mais dalgún xeito moi natural e sinxela.

Publicado en <http://www.butxaca.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME